

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 15, 1-8

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. O bacelo que en min non leva froito, arríncao; e o que leva froito, límpao, para que leve aínda máis froito.

Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado. Permanecedes en min e eu en vós.

Así como o ramo non pode levar froito pola súa conta, se non permanece na vide, tampouco vós, se non permanecedes en min.

Eu son a vide; vós os báculos. Quen permanece en min e eu nel, ese leva froito abondoso, pois fóra de min non podedes facer nada.

Se alguén non permanece en min, é coma os ramos arrincados fóra, que secan; apáñanos, bótanos no lume e arden.

Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer.

Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.»